

Programa de actividades semanal

6^o PRIMARIA

CEIP Espedregada. Curso 2019-2020

30 de marzo - 3 abril
Programa semanal (fin do 2^o
trimestre)

**PARA FACILITAR A
ORGANIZACIÓN DO TRABALLO
DIARIO, SEGUIDE ESTE PLAN POR
DÍAS. ÁNIMO!**

6º PRIMARIA

CEIP ESPEDREGADA

PLAN SEMANAL

DO 30 DE MARZO AO
3 DE ABRIL

Ademais do traballo diario por asignaturas, tedes enlaces con propostas do resto de materias (educación física, inglés, música, orientación e PT/AL).

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipespedregada/>

LUNS

30 DE MARZO DE 2020

Matemáticas

Ciencias naturais

Ciencias sociais

Obradoiro

MARTES

31 DE MARZO DE 2020

Lingua galega

Matemáticas

Ciencias naturais

TEO

MÉRCORES

1 DE ABRIL DE 2020

Lingua galega

Matemáticas

Ciencias sociais

XOVES

2 DE ABRIL DE 2020

Lingua galega

Matemáticas

Lengua castellana

VENRES

3 DE ABRIL DE 2020

Matemáticas

Lengua castellana

Valores sociais e
cívicos

- **TODOS LOS DÍAS:** Número del día. Resuelve en tu cuaderno como ya hicimos con los anteriores, un número cada día durante esta semana. Recuerda incluir los distintos apartados, excepto el de la recta numérica. Los números son:

4,98 93,28 18,324 7,745 23,84

- **Día 30/3:**

Resuelve los siguientes problemas en tu cuaderno. Acuérdate de incluir los pasos de la resolución de problemas:

1. Una jarra vacía pesa 0,64 kg y llena de agua 1,728 kg. ¿Cuánto pesa el agua?
2. Un ciclista ha recorrido 145,8 km en una etapa; 136,65 km en otra etapa y 162,62 km en una tercera etapa. ¿Cuántos kilómetros le quedan por recorrer si la carrera es de 1000 km?
3. De un depósito con agua se sacan 184,5 litros, después 128,75 litros y finalmente se sacan 84,5 litros. Al final quedan en el depósito 160 litros. ¿Qué cantidad de agua había el depósito?
4. Elena tiene en su almacén 240 cajas con 25 paquetes de café cada una. Si cada paquete pesa 0,62 kg, ¿cuál es el peso del café?

- **Día 31/3:**

Si tenemos acceso a internet, ver los siguientes vídeos de repaso de divisiones decimales:

<https://www.youtube.com/watch?v=m7z39SjCEl0>

<https://www.youtube.com/watch?v=1VSJW9Wbboo>

En el cuaderno.: Ejercicios 1 y 2 de la página 106; y el 5 de la página 107.

- **Día 1/4:**

En el cuaderno: ejercicios 6 y 7 de la página 107.

- **Día 2/4:**

Tras hacer tu poción en lengua gallega, en tu cuaderno debes inventar y resolver un problema en el que emplees ingredientes de tu vacuna. No te olvides de utilizar distintas operaciones para resolverlo e incluir números decimales como los trabajados. Vamos a intercambiar los problemas entre nosotros, así que debes enviarle una foto a la profe María para poder continuar con la actividad.

- **Día 3/4:**

Recibiréis en el correo de vuestras familias un nuevo problema (creado por un compañero/a) que deberéis resolver y enviar a la profe una nueva fotografía con su solución.

Días 30 e 31: Clases de Herboloxía en EspedreHogwarts

Entre todos e todas nós realizaremos un **herbario**.

Para poder elaboralo debemos seguir as seguintes indicacións.

1º Recolleremos da nosa casa unha **mostra** dunha ramiña de herba, pranta, arbusto, árbore,... é dicir, daquilo que teñamos e nós elixamos. De non ter ningunha, elixide unha, e xa a recolleredes cando todo isto pase.

2º Para poder conservar a nosa mostra nunha folla, antes debemos **prensala**. Para iso debemos:

1. Colocar un papel de xornal (a poder ser) ou papel de cociña sobre unha superficie (mesa ou libro) que non vaiamos necesitar nuns días.
2. Poñemos a mostra sobre o papel con coidado de que non se engurre.
3. Cubrimos con outras follas de papel de xornal (a poder ser).
4. Collemos bastantes libros que non precisemos e que pesen, e os colocamos enriba para poñerlle peso e que se prensen. Deixaremos que se prensen durante unha semana completa.

3º Para montar a nosa **páxina do herbario** precisamos:

- Cartolina ou folla de papel.
- Cinta adhesiva (tipo washi-tape/ celo) ou pegamento
- Bolígrafo ou lapis.


4º Na parte de arriba da nosa cartolina ou folla escribiremos o **nome común da nosa mostra** (o nome polo que é coñecida), e na mesma páxina deixaremos un oco grande onde logo pegaremos a mostra que xa temos secando.

5º Para rematar, na esquina inferior dereita da folla completaremos a seguinte **ficha**:

- Nome científico da mostra.
- Lugar onde se efectuou a recolección (lugar, municipio, provincia e país).
- Descrición da planta (flor, follas, talo, raíces,...). Ver páxina 22 do libro de ciencias naturais.
- Tipo de planta (briófita, ximnosperma, fento ou anxiosperma). Ver páxina 22 do libro.
- Data da recolección.
- Primeiro a abreviatura Leg. (do latín Legitimavit), e a continuación o nome da persoa que levou a cabo a recolección. (Neste caso o voso nome ou o de algún familiar que vos axudou).
- Despois escribiremos a abreviatura Det. (del Latín Determinavit), e a continuación o nome da persoa que determinou ou identificou a mostra. (O voso nome ou o de algún familiar que vos axudou).

Recordade **pegar a vosa mostra** ao rematar a semana. Deste xeito, a nosa páxina quedará máis ou menos así:

Teremos un recordo precioso ao volver ao cole! Hedwig estará moi orgulloso!



Ciencias sociais

Días 30 de marzo e 1 de abril:

Día 30 de marzo: Exercicios 1, 2 e 4 da páxina 67 no caderno.

Día 1 de abril: En relación co aprendido nas páxinas 66 e 67, responde amplamente no teu caderno:

1. Cales son os servizos públicos do concello de Poio? Describe as funcións que levan a cabo.
2. Que son os funcionarios públicos? Que hai que estudar para traballar como un deles?

Lingua galega

Días 31 de marzo e 1 e 2 de abril:

Día 31 de marzo: lemos as páxinas 130-131, e facemos os exercicios **1, 2 e 3** no noso caderno.

Día 1 de abril: Clase de pocións en EspedreHogwarts.

Recordas a nosa vacina da paz? Despois de converternos nos Nenos da Variola é o noso momento de resolver esta situación. O próximo 7 de abril é o Día Mundial da Saúde, polo que está nas nosas mans inventar unha receita para unha posible vacina para o Coronavirus COVID-19. Canto máis creativo, mellor. Seguro que con esa vacina logramos acabar co noso temido virus!

Non esquezas debuxar o frasco da túa apócema, e explicar ao seu carón: **nome, ingredientes e modo de emprego**.

Na cantidades dos ingredientes inclúe algúns con números decimais.

Recorda que os unicornios están en perigo de extinción, mellor que os substitúas por dragóns de Romanía.

Moito ánimo, é o momento de converterte en CIENTÍFICO/A!

Día 2 de abril: nos nosos cadernos faremos os exercicios de repaso: 1, 2 e 3 das páxinas 136-137 dos nosos libros.



Día 2 de abril: previsiblemente precisaredes máis dunha sesión para resolver esta actividade.

BATEDOR DE PALABRAS

Completa a seguinte listaxe de ingredientes só cunha palabra:

- Algo que che fai rír:
- Algo que che moleste/amole:
- Algo que non entendas:
- Algo que entendas moi ben:
- Unha palabra que comece con Z:
- Unha palabra que comece con A.
- Algo lonxe:
- Algo preto:
- O nome dun amigo ou amiga:
- Un lugar onde che gustaría ir:
- Un lugar preto de ti:
- Algo eterno:
- Algo efémero:
- Algo extraterrestre:



- Agora escribe unha historia coas palabras de arriba, tes que incluílas TODAS! Non importa a orde, podes repetilas e remexer como queiras.

- *Opción 2:* Escribe cada palabra nun papeliño e méteas nunha bolsa, ou cunca, reméxeas e saca unha por unha: esa será a orde na que deben aparecer na túa historia pero agora non vale repetilas.

- *Opción 3:* e se..... outra persoa/persoas fan a listaxe por ti???

LEMBRA: a estrutura básica para construír unha historia:

un personaxe + que desexa algo + algo o alguén llo impide.

Actividades JEC



Actividad de expresión oral:

Podéis mandarle a la profe María un vídeo o audio, de una duración de un minuto o dos, con vuestra opinión, recomendando o haciendo una reflexión sobre un cuento o libro.

Otra opción es enviar una pequeña interpretación de teatro de alguna escena del libro, que podéis hacer con vuestros familiares, si queréis.

En el caso de que no podáis preparar lo anterior, haced vuestra recomendación por escrito y enviadla.

Actividad de verbos:

Para repasar los tiempos verbales

- https://www.educaplay.com/learning-resources/14659-repasa_los_tiempos_verbales.html
- https://www.educaplay.com/learning-resources/12537-tiempos_verbales.html
- <https://www.esfacil.eu/es/verbos/practicar/tiempos.html#106:tener/1>
- http://www.materialesdelengua.org/WEB/hotpotatoes/verbo/tiemposverbales_1.htm

Aprendemos el modo Subjuntivo

- <https://www.educaplay.com/learning-resources/10971-subjuntivo.html>

Verbos 1ª conjugación

- https://www.educaplay.com/learning-resources/397-verbos_primera_conjugacion.html
- https://www.educaplay.com/learning-resources/426-verbos_primera_conjugacion.html

Repasamos el participio


- <https://www.educaplay.com/learning-resources/11584-participios.html>

Practicamos el verbo haber

- <http://www.aplicaciones.info/lengua/morfo18.htm>

Para aprender a conjugar verbos

- http://www.materialesdelengua.org/WEB/hotpotatoes/verbo/flashcards_verbos.htm



Días 1 y 2 de abril (esta actividad debéis hacerla al menos en esos dos días): Clases de Adivinación en EspedreHogwarts: Cómic de Harry Potter

Como recordaréis, en la lectura de *Harry Potter y la piedra filosofal* nos quedamos en el momento en el que Harry va a su primera clase de vuelo. Sin permiso, volaba con su escoba para recuperar la *recordadora* de su compañero Neville. La Señorita McGonagall lo mira y se aproxima llamando por Harry.

Imagina que le puede pasar a continuación. Crea una historia que solamente sea posible en el mundo mágico de Harry Potter, y que no tenga relación con lo que sucede en el libro (para aquellos que ya lo sabéis). Podéis aprovechar para escribir tu historia en una página de tu diario.

Recuerda que la tarea final es elaborar un **cómic** en castellano en una hoja. Para poder hacer la continuación en forma de cómic sigue los siguientes pasos:

1. Crea primero un **borrador** con un posible **guión**. Piensa en los personajes que intervendrán, dónde estarán e qué les ocurrirá (puedes incluirte en la historia).
2. Finalmente elabora las **viñetas**, incluyendo **textos** del narrador y diálogos.
3. Cuando ya tengas tu borrador será el momento de pasarlo a **cómic**, hacer las viñetas, los dibujos y los cuadros de diálogo. No olvides añadir muchos detalles.

Cuando volvamos leeremos nuestras creaciones y haremos una exposición de nuestras historietas.

Por último, para realizarlo os dejo las siguientes imágenes y enlaces de ayuda:

Los bocadillos son diferentes según el sentimiento que expresan:



Colorea y crea tu propio cómic



Enlaces para aprender más sobre el cómic:

- <https://www.youtube.com/watch?v=Cb-JFrzGQiY>
- <https://www.youtube.com/watch?v=TzU3Kg2ARw4>
- <https://www.youtube.com/watch?v=uPI-vlMQtEM>

Día 2 de abril:

Cuaderno de ortografía. Tema 3. Págs. 14 a 19.

Día 3 de abril:

Visualiza o seguinte vídeo e responde:

<https://www.youtube.com/watch?v=MCwYOsOCUgg>

- Sobre que nos fala esta canción? Como te sentiches ao escoitala?
- Escribe unha carta, un poema, unha canción ou un pequeno conto onde fales sobre o lema "Queda na casa". Podes escribir sobre o que te veña á cabeza tras escoitar a canción (o teu día a día, os teus veciños e veciñas, o que facedes na vosa rúa, ...) e incluso adicarlla aos vossos compañeiros ou mestras, explicando o moito que os botades de menos. Co artistas que sodes non dubido que o faredes xenial!

*Valores
sociais e
cívicos*

*Educación
física*

A profe Julia pídevos que nunha folla realicedes a seguinte investigación:

- Que é o fútbol?
- Regras básicas do fútbol.

Enlaces de interese

- <https://www.youtube.com/watch?v=IIDBzhd8XgE> (percusión corporal de Harry Potter)
- <http://xogos-tradicionais-corentena.weebly.com/xogos-tradicionais.html> (creación de xogos tradicionais para xogar na casa)
- <https://www.youtube.com/watch?v=JN6qMgLrfaU> (debuxa a túa man en 3D)
- <https://www.youtube.com/watch?v=S8dWwEzts64> (debuxar con profundidade)
- <https://www.youtube.com/watch?v=XSQ-fRTbaA> (elaborar instrumentos musicais)
- <https://wordart.com/> (crear debuxos con palabras)
- https://www.youtube.com/channel/UCFHocv7cvs_8CZkYdPnNCkw (aprende a escribir con letras bonitas)